



**Concello de Betanzos**  
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011  
Fax: 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

**ASUNTO:** ORDENANZA REGULADORA DAS TARIFAS POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E DEMAIS SERVIZOS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PRESTADOS NO MUNICIPIO DE BETANZOS

**EXPEDIENTE:** 2024/G013/000001

## **ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA**

### **ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.** A ORDENANZA FISCAL Nº 19, REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRACIÓN E UTILIZACIÓN DE AUGA POTABLE ten a Publicación definitiva BOP Nº 296 de 27/12/2003.

**SEGUNDO.** Este concello entende que é preciso derrogar a ordenanza actual e aprobar unha nova denominada ORDENANZA REGULADORA DAS TARIFAS POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E DEMAIS SERVIZOS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PRESTADOS NO MUNICIPIO DE BETANZOS debido a que a contraprestación económica xa non ten carácter de taxa senón de prestación patrimonial de carácter público non tributario e polo tanto, é necesario adaptar a normativa local á nova realidade xurídica establecida pola modificación introducida pola Lei 9/2017 e aprobar a correspondente ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario, que xa non terá o carácter de ordenanza fiscal.

---

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de MODIFICACIÓN DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS INSTALACIÓNS E OBRAS DO CONCELLO DE BETANZOS, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de dez días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (os documentos que os interesados dirixan aos órganos das Administracións Públicas poderán presentarse: a) No rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1.; b) Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza; c) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro; d) Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros; e) En calquera outro que establezan as disposicións vixentes).

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



**Concello de Betanzos**  
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011  
Fax: 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa. Necesidade e Oportunidade da súa aprobación. **a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.**

**b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.**

Preténdese adecuar a súa natureza xurídica. Actualizáanse á vez as tarifas, tal e como se prevé no contrato de xestión do servizo.

**Obxectivos da norma**

Adaptación normativa e actualizar contías.

**As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.**

A solución regulatoria enténdese a máis axeitada posto que se trata dunha modificación da norma de rango regulamentario.

Betanzos, na data que figura na marxe

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**

O Secretario  
Adrián J. Márquez Caramés